



RESOLUCIÓN

I.- O Regulamento de utilización de instalacións deportivas municipais, en vigor desde o 21 de abril de 2004 establece no seu Título IV os aspectos básicos da normativa de acceso para a utilización de pavillóns deportivos cubertos por entidades deportivas ou veciñais.

II.- No Concello de Oleiros existen numerosas entidades deportivas, moitas das cales precisan utilizar instalacións pechadas para as súas sesións de adestramento e competición, e que agrupan a data de hoxe un número aproximado de 1.300 deportistas.

Na actualidade o Concello dispón de 5 pavillóns deportivos que se utilizan para esta finalidade. Asemade, no intento de sumar espazos e horas para dar mellor cumprimento ás necesidades dos clubs, acadouse a posibilidade de uso doutra instalación como é o pavillón nº 2 do INEF, que tamén se ten en conta na distribución de horarios.

III.- Por razóns de compatibilidade co horario escolar, todas as entidades precisan facer o seu uso en horario de tarde, polo cal se fai imprescindible establecer unha ponderación entre as solicitudes para que o resultado final da distribución resulte equilibrado, obxectivo e equitativo.

IV.- O artigo 27 do Regulamento devandito establece algúns criterios para adxudicar o número de horas semanais de utilización, en forma de lista aberta, xa que dispón que se terán en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

“a) As posibilidades de utilización doutras instalacións segundo a disciplina deportiva, como poderían ser as polideportivas exteriores cubertas.

b) O nivel ou categoría federativa, así como a esixencia segundo as modalidades deportivas.

c) O número de usuarios en cada hora solicitada, valorando segundo este aspecto a posibilidade de compartir instalación.

d) Un reparto das horas o máis equitativo posible en función do número de solicitudes e da necesidade real de utilización, intentando, sempre que sexa posible, satisfacer as necesidades das entidades”.

Xa que logo, deixa a unha definición posterior a determinación doutros posibles criterios a utilizar, así como a súa ponderación; sempre atendendo ao obxectivo final de que o reparto sexa o máis equitativo posible en función das necesidades de cada un dos clubs.

V.- Á vista de ditas circunstancias, en data 26/04/2024 preséntase polo Técnico Municipal de Deportes unha proposta de baremo a aplicar para a distribución de horarios dispoñibles de pavillóns entre os clubs deportivos que o soliciten.



En consecuencia, facendo uso da facultade de dirección política e da xestión do servizo que me foi atribuída por delegación mediante Decreto da Alcaldía nº 2023003281, de 21 de xuño do 2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Determinar que o baremo para a adxudicación de número de horas semanais de uso das instalacións deportivas por parte das entidades solicitantes será o seguinte:

1. Nº de licenzas.- Ata un máximo de 15 puntos. Os 15 puntos atribuiranse ao club co maior número de licenzas, e o resto obterá unha puntuación proporcional.
2. Nº de categorías.- ata 10 puntos (2 puntos/categoría).
3. Nº de categorías igual ou inferior á categoría cadete.- 1 punto por categoría
4. Ámbito de competición no que participa o club (galego, estatal ou internacional).- valorando de forma acumulativa con 1+1+2 puntos respectivamente.

En caso de que resulte un excedente horario derivado de que a algunhas entidades lles corresponderían máis horas das que solicitan, distribuirase aplicando de novo o mesmo criterio, redondeándose os resultados sempre cara arriba.

Segundo.- En canto á distribución de espazos, efectuarase tendo en conta en primeiro lugar o que os clubs soliciten. En caso de que non sexa posible por colisionar os intereses de varias entidades, terán prioridade de uso aquelas disciplinas deportivas que utilizan pavillóns deportivos como lugar de competición habitual, fronte a disciplinas que compiten noutro tipo de instalacións ou escenarios. Asemade teranse en conta aspectos como as características técnicas de cada pavillón e as súas prestacións (tipo de pavimento, altura, valado de pista, etc..) e polo tanto a súa maior ou menor adaptación á disciplina deportiva en cuestión.

Terceiro.- Que se publique a presente resolución na páxina web do Concello.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola quinta tenenta de alcalde delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

